



UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



No presente ano académico 1994/95 rematará os seus estudos a primeira promoción de Licenciados en Xornalismo. Os alumnos que rematen ditos estudos terán realizado, ademais das materias que figuren no plano de estudos, prácticas en medios de comunicación.

As prácticas en medios de comunicación realizadas polos alumnos figurarán no seu expediente baixo o concepto "Prácticas en Empresas", e serán imputables consonte o disposto no seu plano de estudos a créditos optativos por un máximo de dezasete créditos.

Sen prexuízo dunha regulación xeral para tódolos planos de estudos estímase conveniente solventa-la tramitación administrativa das prácticas xa realizadas polos alumnos da Licenciatura de Xornalismo.


**POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU:**

**ÚNICO.- RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR EQUIVALENCIA POR PRÁCTICAS EN EMPRESAS PARA ALUMNOS DA LICENCIATURA DE XORNALISMO.**

As prácticas realizadas polos alumnos da Licenciatura de Xornalismo ó amparo dos convenios que asinara a Universidade con Empresas ou Institucións Públicas ou Privadas, recoñeceranse polo número de créditos que nos citados convenios se estableceran e figurarán no expediente do alumno baixo o epígrafe "Prácticas en Empresas".

As prácticas en empresas serán cualificadas coas mencións "Apto" ou "Non Apto".

Santiago, 3 de abril de 1995  
O RECTOR



Darío Villanueva Prieto

- SR. SECRETARIO XERAL, SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA, SR. DECANO DA FACULTADE DE XORNALISMO, SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE, SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS.